



CIRCULAR INFORMATIVA 13/2018

Acordos adoptados pola Xunta de Goberno o día 12.07.2018

1. PÓLIZA SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL: EXPEDIENTES DE BAIXA AOS COLEXIADOS REINCIDENTES EN SINISTROS

O pasado 1 de xullo renovouse a póliza do seguro de responsabilidade civil que o Colexio ten contratada coa aseguradora Allianz por mediación de Aon. Para esta nova anualidade conseguíuse unha boa oferta, pola que se baixou a prima que paga cada colexiado e se incrementaron as coberturas.

Nos anos anteriores a prima deste seguro viuse incrementada notablemente debido en boa parte á alta sinistralidade e reincidencia dalgúns colexiados. Co fin de evitar para as próximas anualidades un incremento da prima por este motivo, a Xunta de Goberno, por proposta da Comisión da Póliza do Seguro de Responsabilidade Civil, acordou adoptar as seguintes medidas:

- 1ª Na póliza subscrita para a presente anualidade fíxose unha **franquía escalonada**, así o primeiro e o segundo sinistros declarados terán unha franquía de 500 euros e o terceiro parará a ter 1500 euros.
- 2ª Por acordo da Xunta de Goberno do día 12.07.2018, **a aqueles colexiados que durante a mesma anualidade acumulen tres sinistros iniciaráselles un expediente de baixa na devandita póliza como consecuencia da súa alta sinistralidade** e co fin de evitar unha subida da prima e o conseguinte prexuízo económico para o resto dos colexiados asegurados.

2. DEFENSA DE INTERESES CONTRARIOS NAS NORMAS DEONTOLÓXICAS

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 12.07.2018, aprobou o seguinte informe elaborado dende a secretaría técnica do Colexio e acordou remitilo a todos os colexiados e colexiadas.

Texto do informe:

«1. Prohibición estatutaria de asumir a defensa de intereses contrarios aos dun cliente anterior

Malia ser unha prohibición expresa, danse casos en que se obvia esta norma básica que ten orixe na obriga de segredo profesional e pola cal, unha vez asumida a defensa dun cliente, nace de maneira automática a imposibilidade para o futuro, e sen límite temporal, de actuar directa ou indirectamente contra el, sempre que exista risco de vulneración do segredo profesional ou de obter unha vantaxe para o cliente.

Cómpre facer especial mención á vulneración desta obriga nos procesos de familia ou de división xudicial de patrimonios, cando un letrado intervéen en defensa dos intereses de dúas ou máis persoa e posteriormente emprende accións contra algún dos seus iniciais clientes coa finalidade de executar ou modificar a resolución inicial.





CIRCULAR INFORMATIVA 13/2018

Por todo isto, convén lembrar os seguintes artigos do Código deontolóxico e do Estatuto xeral da avogacía española:

Artigo 13.5 do CD: “o avogado **non poderá aceptar encargos profesionais que impliquen actuacións contra un anterior cliente**, cando exista **risco** de que o segredo das informacións obtidas en relación co antigo cliente poida ser violado, ou que delas puidese resultar beneficio para o novo cliente”.

Artigo 4.2 do CD: “O avogado está obrigado a non defraudar a confianza do seu cliente e a **non defender intereses en conflito cos daquel**”.

Artigo 42 do EXAE: “Son obrigas do avogado para coa parte por el defendida [...] o cumprimento da misión de defensa que lle sexa encomendado co máximo celo e dilixencia e gardando **o segredo profesional**”.

Artigo 5 do CD: “1. A **confianza e confidencialidade nas relacións** entre cliente e avogado [...] impón ao avogado o **deber e confírelle o dereito de gardar segredo** respecto de todos os feitos ou noticias que coñeza por razón de calquera das modalidades da súa actuación profesional [...] 7. Estes deberes de segredo profesional permanecen **incluso despois de ter cesado na prestación dos servizos ao cliente, sen que estean limitados no tempo**”.

Esta obriga de non actuar contra un cliente anterior ha de ser asumida por todos os membros dun **despacho colectivo**; así aparece regulado nos artigos 4.3, 5.5 e 13.7 do Código deontolóxico.

Por último, é necesario lembrar que o incumprimento das citadas normas deontolóxicas pode ser considerado falta grave, ao abeiro do disposto no Estatuto xeral da avogacía española, o que levaría consigo a sanción de suspensión do exercicio profesional por un período de ata tres meses.

2. Posible conflito de intereses na “intervención inicial” dun único letrado nos procedementos de familia

Están a xurdir problemas á hora de determinar se un avogado que asesora unha parella nunha primeira consulta sobre un posible procedemento de familia de mutuo acordo, e que logo se converte en contencioso, pode representar a un dos cónxuxes en contra do outro.

Atopámonos ante o problema de determinar **quen é o cliente do letrado**. Nin o Código deontolóxico nin o Estatuto xeral da avogacía española definen ou establecen quen se considera o cliente nestes supostos.

Se entendemos o termo “cliente” como “persoa que utiliza os servizos dun profesional”, podemos concluír que o **cliente é aquel que realiza o encargo profesional ao letrado mediante o correspondente contrato de arrendamento de servizos, folla de encargo profesional ou poder, e que fai fronte aos honorarios dese letrado**.

Para evitar posibles incumprimentos do Código deontolóxico nesta materia e a posterior apertura de expediente disciplinario coas correspondentes sancións, é aconsellable:

1. Cando un letrado reciba o encargo profesional sobre un tema de familia (separación, divorcio, convenio regulador, liquidación de bens gananciais etc.), **cómpre deixar ben claro cal é o seu cliente** (mediante a sinatura dun contrato de arrendamento



CIRCULAR INFORMATIVA 13/2018

de servizos, folia de encargo profesional, poder etc. e coa facturación dos seus honorarios exclusivamente ao seu cliente).

2. Se o dito letrado concerta unha primeira entrevista cos dous cónxuxes para estudar a viabilidade dun mutuo acordo, **cómpre informar expresamente ao cónxuxe “non cliente”** de que o letrado está actuando por encargo profesional do outro cónxuxe e que será este, o seu cliente, quen aboará os seus honorarios.

Con este fin, convén dispoñer dun formulario informativo **para ser asinado polo cónxuxe “non cliente”** no que se lle indique quen é o cliente do despacho e se informe de que nesa primeira entrevista non se lle facilitará ao avogado documentación ou datos de interese distintos dos xa facilitados polo seu cliente que lle poidan causar prexuízo ante un posible procedemento contencioso posterior no que o avogado asuma a defensa do outro cónxuxe.

[Achégase un modelo como exemplo.]

Ante as posibles denuncias ou queixas formuladas pola persoa “non cliente” respecto do incumprimento das normas deontolóxicas nestes casos, **a carga da proba sobre a vulneración de tales obrigas deontolóxicas recaerá sobre a parte denunciante “non cliente”** quen, de ser o caso, deberá probar que no procedemento contencioso posterior o letrado utilizou información, datos ou documentación facilitada por esa parte no transcurso das primeiras entrevistas e que esta puido resultar prexudicial para o seu interese, seguindo así o criterio fixado polo Consello Xeral da Avogacía para o novo Código deontolóxico.»